

## **“Concurso os maios para los mais pequenos”**

### **Bases:**

La Región e o Xornal Escolar convocan aos seus pequenos lectores e profesorado dos colexios de primaria da provincia de Ourense co fin de fomentar a participación dos nenos de primaria na tradición dos maios, promovendo a creatividade, a cultura e o traballo en equipo.

A proposta convida ás clases dos colexios de primaria da provincia de Ourense a enviar os seus textos de coplas, deseños plásticos ou os seus maios e participar nunha ou varias categorías para obter importantes premios.

Con tal motivo, La Región e o Xornal Escolar premiarán a través dun concurso que terá as seguintes categorías:

Podes elixir unha ou combinar varias:

1. Maio tradicional (manualidades)
  - Construción dun maio pequeno con materiais naturais (flores, follas, musgo...).Dimensións máximas 20x20x20 cms.
2. Expresión plástica
  - Representar un maio ou algún dos elementos asociados a esta festa, nunha lámina ou cartolina en tamaño A4, utilizando elementos naturais.
3. Coplas dos maios (lingua galega)
  - Crear unhas coplas dos maios orixinais (máximo 6 estrofas).

**Duración e ámbito:** Se queres participar coa túa clase podes inscribirte desde o 22 de abril ás 00:00 h ata o martes 28 de abril ás 12:00 h, completando o formulario de participación que se xunta a estas bases dispoñible en [pressclub.laregion.es/](http://pressclub.laregion.es/) ou escaneando o QR que aparece no anuncio da promoción. O mércores 29 de abril publicarase no Xornal Escolar os colexios, clases e categorías nas que participan.

Os maios e os traballos de expresión plástica deben ser presentados en La Región (polígono de San Cibrao, rúa 4 nº 19) de luns a venres entre as 9:00 e as 17:00 h coa ficha de participación completa, mentres que as coplas deben ser enviadas por correo a [concursos@laregion.net](mailto:concursos@laregion.net), achegando a ficha de participación.

**Prazo límite de entrega:** martes 28 de abril ás 12:00 h.

Un xurado designado por La Región elixirá o mellor traballo por categoría e os mesmos faranse acredores dun premio moi especial. Todos os participantes serán recoñecidos polo seu traballo coa entrega de diplomas e, ademais, todos os traballos participantes exporanse os días sábado 2, domingo 3 e luns 4 de maio no Centro Comercial Ponte Vella.

Os traballos recibidos despois do 28 de abril ás 12:00 h quedarán fóra do concurso. La Región resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar a convocatoria en calquera momento anterior á súa finalización, sempre que existan causas que así o xustifiquen. Tamén poderá ampliar o prazo que se considere oportuno. Así mesmo, La Región

resérvase o dereito de evitar que sobre esta convocatoria se establezan sistemas de especulación ou de negocio, ou unha participación fraudulenta. Para tal fin, poderá exercer as accións legais que estime oportunas.

O xurado designado por La Región elixirá os mellores por categoría a partir do martes 28 de abril ás 12:00 h. Os gañadores anunciaranse no Xornal Escolar o mércores 6 de maio de 2026.

---

### **Mecánica de participación**

- Cubrirase o correspondente formulario que atoparán neste enderezo web [pressclub.laregion.es/concursos](http://pressclub.laregion.es/concursos) (un por cada grupo); estes datos deben ser válidos (contrastaranse co DNI do responsable do rexistro, que se solicitará no caso de resultar premiado).
  - Antes do 28 de abril de 2026 ás 12:00 h, deberase achegar o texto da copla e o formulario de participación; quen participe nesta categoría enviarao por correo a: [concursos@laregion.net](mailto:concursos@laregion.net). Mentres que os maíos e as creacións plásticas deberán entregarse nas oficinas de La Región, no mesmo prazo ca as coplas, achegándose ao traballo a ficha de participación con todos os datos solicitados.
  - Non se aceptarán participacións recibidas a través de ningún outro medio que non sexa o especificado e aquelas que non estean completas con todos os datos solicitados.
  - Os participantes decláranse autores ou coautores dos traballos presentados para o concurso e son responsables diso, non sendo viable que gañe algún dos premios se suplanta a identidade de alguén ou mente en canto á autoría da copla gañadora, ou se constata a copia de coplas de anos anteriores.
  - A clase gañadora en cada categoría será elixida mediante un xurado designado por La Región.
- 

### **Requisitos a cumprir polos participantes do concurso**

Quedará fóra do concurso quen non cumpra os requisitos establecidos nas presentes bases.

#### **Requisitos por categoría:**

1. Maio tradicional (manualidades)
  - Construción dun maío pequeno con materiais naturais (flores, follas, musgo...).Dimensións máximas 20x20x20 cms.
2. Expresión plástica
  - Representar un maío ou algún dos elementos asociados a esta festa, nunha lámina ou cartolina en tamaño A4, utilizando elementos naturais.
3. Coplas dos maíos (lingua galega)
  - Crear unhas coplas dos maíos orixinais (máximo 6 estrofas), que deberán ser entregadas por escrito en formato PDF.

---

## **Límites e autorizacións**

Cada grupo participante poderá enviar unha copla.

Non poderán participar na convocatoria os empregados de La Región, así como cónxuxes, ascendentes, descendentes ou outros familiares por consanguinidade ou afinidade ata o 2º grao (inclusive).

Os premios serán entregados aos gañadores previa presentación do DNI do responsable que realiza o rexistro para o concurso, en data e lugar a definir unha vez realizada a publicación de gañadores, o mércores 6 de maio no Xornal Escolar.

La Región notificará aos gañadores o lugar onde recoller o seu premio por correo electrónico (remitido ao enderezo facilitado polos participantes) ou chamada telefónica.

La Región non ten a obriga de enviar os premios aos domicilios dos gañadores, sendo estes quen deban presentarse para recollelos no lugar e data que se lles indique.

---

## **Descrición dos premios**

- Primeiro premio de cada categoría: unha excursión á Ribeira Sacra con paseo en catamarán e picnic para a clase gañadora.

Ningún participante obterá máis dun premio.

- Entrega dun diploma de recoñecemento para todas as clases participantes en cada categoría.
  - Exposición de todos os traballos entregados por cada categoría no Centro Comercial Ponte Vella durante os días: sábado 2, domingo 3 e luns 4 de maio de 2026.
- 

## **Cesión de dereitos e aceptación das bases**

Tanto a participación no concurso como a posterior aceptación dos premios supoñen a cesión gratuíta a favor de La Región do dereito de reprodución da fotografía por parte do seu autor sen límite de data nin tipo de publicación; dereito do que fará uso La Región conforme á normativa vixente na materia.

A participación no presente concurso supón:

1. A aceptación íntegra de todas as cláusulas recollidas nestas bases.
2. A autorización, por parte do autor da fotografía, así como de todos os que aparecen nela (sexan identificables ou non), para publicar os traballos presentados, tanto na edición impresa como nos medios dixitais que La Región estime oportunos, podendo incluso citar os seus datos persoais, así como o seu lugar de residencia.
3. A autorización para incluír os datos persoais do participante na Base de Datos, propiedade de La Región, para futuras comunicacións da marca. Non obstante, os

interesados podrán, en calquera momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e, no seu caso, cancelación, previstos na L.O. 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, mediante comunicación escrita.